

PONTED'PINCHOS 2023

CONCURSO RUTA DE PINCHOS PONTEDEUME

Bases do Concurso ruta de pinchos de Pontedeume

1.- Datas: Do 12,13 e 14 de maio de 2023.

- Horarios:

*Venres 12 de maio: De 20.00h a 22:30h

*Sábado 13 de maio: de 13:00h a 15:00h e de 20:00h a 22:30h

*Domingo 14 de maio: De 13:00h a 15:00h

2.- Participantes: Poderán participar todos os establecementos hostaleiros como bares, cafeterías, restaurantes, mesóns etc. do ámbito municipal de Pontedeume.

3.- Inscripción: A inscrición será totalmente gratuíta por parte dos establecementos hostaleiros socios da asociación UCOA (Unión de Comerciantes Autónomos Eumeses) e terá unha cuota de 30€ para todo o restos dos negocios non asociados.

- O prazo de inscrición estará aberto dende o 6 ata o 13 de abril ambos os dous incluídos.
- A inscrición, presentarase na seguinte dirección de correo: pontepinchospontedeume@gmail.com antes das 14:00 h do día 13 de abril.
- Entre os días 14 e 17 de abril, todos os inscritos deberán facer a foto oficial do pincho a presentar, achegándose o fotógrafo da organización polo local participante ou achegando a elaboración ó local do fotógrafo.
- Todas as inscricións fóra de prazo, ou que non realicen a foto da tapa entre os días 14 e 17 quedarán fóra do concurso. Este prazo establecido responde ás necesidades de realización do material promocional e a súa distribución e difusión.

4.- Cada establecemento poderá presentarse cun único pincho que se servirá a un prezo entre 1,50 € e 2,5€, podendo o establecemento poñer o prezo que considere, dentro dese mínimo e máximo.

5.- Os establecementos participantes no concurso obríganse a manter a súa participación durante todos os días da promoción e no horario establecido, ofrecendo a tapa elixida para o concurso.

6.- PREMIOS AOS HOSTALEIROS: Todos os pinchos presentados optarán aos seguintes premios:

▲ Premio da Comisión Oficial de Valoración:

1º Premio: “MELLOR PINCHO PONTEDE`PINCHOS 2023” - DIPLOMA ACREDITATIVO

2º Premio: “2º PREMIO PINCHO PONTEDE`PINCHOS 2023” -DIPLOMA ACREDITATIVO

3º Premio: “3º PREMIO PINCHO PONTEDE`PINCHOS 2023” -DIPLOMA ACREDITATIVO

▲ Premio do Xurado Popular:

Premio: “PINCHO MÁIS VALORADO POLO PÚBLICO 2023”- DIPLOMA ACREDITATIVO

7.- Sistema de votación constará de dous xurados:

1º - O xurado da Comisión de Valoración Oficial, estará composto por dúas persoas , profesionais de recoñecido prestixio na hostalaría e restauración comarcal, ou mestres da escola de Hostalería “Fraga do Eume”.

Este xurado será o encargado de ditaminar o “ MELLOR PINCHO PONTEDE`PINCHOS 2023”

A Comisión de Valoración Oficial, visitará os establecementos participantes en calquera intre dentro dos horarios establecidos para o Concurso de Pinchos, sendo o seu fallo inapelable. O xurado irá debidamente acreditados.

As puntuacións da Comisión oficial valorarán os seguintes parámetros nos pinchos presentados:

- PRESENTACIÓN DO PINCHO (0-2 PUNTOS)
- SABOR DO PINCHO (0-5 PUNTOS)
- SERVICIO DA TAPA (0-1 PUNTOS)
- EMPREGO DE INGREDIENTES LOCAIS OU DE PROXIMIDADE (0-1)
- ORIXINALIDADE (0-1)

2º - Xurado popular: Composto polo público en xeral, que desexe dar a súa valoración, para o que deberá cubrir axeitadamente o voto, unha vez selado por 7 establecementos diferentes dos participantes que serán os encargados de ditaminar “PINCHO MELLOR VALORADO POLO PÚBLICO PONTEDE`PINCHOS 2023

8.- O xurado popular:

- ⤴ Os cupóns mal cubertos ou inintelixibles quedarán anulados tanto o voto emitido como a participación no sorteo do premio aos clientes.
- ⤴ Os votos depositaranse nas urnas colocadas para tal efecto nos establecementos participantes antes das 15 horas do día 14 de maio de 2023.
- ⤴ Ao cubrir o cupón de voto-sorteo, cada participante outorga o seu consentimento á utilización dos seus datos polas entidades organizadoras, Concello de Pontedeume e a Asociación UCOA (Unión de Comerciantes Autónomos Eumeses), en calquera promoción relativa á hostalaría eumesa, así como calquera outra promoción ou publicitación.

De acordo coa Lei orgánica 15/1999. os participantes poderán solicitar a eliminación dos seus datos dirixíndose ás entidades organizadoras.

9.-Os días xoves 11 de maio e venres 12 ata as 13:30h, procederase á entrega no local comercial Cacharreira as urnas cos correspondentes votos a cubrir polos clientes, para recoller por parte dos establecementos participantes.

Calquera urna manipulada, desprecintada ou presentada fora de prazo, quedará anulada do concurso, con todos os votos que conteña.

10.- PREMIOS AOS CLIENTES:

- a) Sortearanse entre todos os clientes participantes que teñan selado a lo menos 7 establecementos participantes unha tablet
- b) O sorteo celebrarase o 2 de xuño de 2023 coincidindo coa celebración da Fashion Night
- c) Ó sorteo deberá asistir un mínimo un representante dos establecementos participantes (ou persoa delegada polo mesmo negocio)
- d) O sorteo consistirá na extracción de 1 papeletas que será a premiada, a continuación procederase á extracción doutras 2 papeletas por rigoroso orde que serán os suplentes para o caso de non aparecer a anterior.

11.- Os establecementos participantes, quedan obrigados a acatar as bases do concurso. A organización resolverá calquera incidencia que poida xurdir durante o concurso, e terá plena potestade para a interpretación das presentes bases.